

**Vou facerlle unha entrevista ao meu pai José Javier Mesejo para preguntarlle sobre o seu traballo en Leche Pascual, a súa experiencia no mundo dos camións elevando unha pequena empresa dentro deste sector.**

## **ENTREVISTA**

**-En que ano comezaches a traballar en Pascual?**

No 2010.

**-Cantos anos levas traballando no mundo dos camións?**

Practicamente toda a vida porque case todos os meus empregos foron repartindo mercancía en bares ou exportando produtos a fora do país.

**-Antes de traballar en Pascual onde traballabas?**

En Galiport.

**-Tes algunha formación relacionada co teu traballo?**

Teño o título de transportista.

**-Cómo empezaches en Pascual?**

Comecei traballando no almacén preparando os palés para que os transportistas os distribuísen e agora son un dos transportistas.

**-Cómo te decidiches dentro de Pascual a pasar de estar traballando no almacén a estar repartindo a mercancía?**

Un dos transportistas decidiu deixar a ruta e o xefe do almacén ofreciume que a collera e acepteino.

**-Prefires traballar no almacén ou de transportista?**

No almacén porque tes un horario fixo e non tes un traballo tan desgastante pero pola contra o salario é menos así que decidín traballar de transportista.

**-Cales son os principais clientes?**

Depende da ruta, pero no meu caso os bares, os restaurantes, os supermercados as tendas pequenas.

**-Tiveches algunha vez algún problema con algún impago?**

No, porque nos pagan no momento en que lle damos a mercancía.

**-Cantas persoas están encargadas de preparar a mercancía no almacén?**

Dúas.

**-Cal era a túa función exacta cando traballabas no almacén?**

Tiñamos dous turnos,mañan e tarde.Eramos tres persoas e unha abría pola mañá o almacén e axudáballe aos transportistas a cargar o camión e se lle faltaba algún produto levarllo e as outras dúas preparaban a mercancía do día seguinte pola tarde.

**-Tes un horario fixo?**

Non,acabo cando acabo de repartir a mercancía e non todos os días hai o mesmo número de clientes.

**-Cantos camións e cantas rutas tes?**

Teño tres camións e dúas rutas.

**-Cal é a época na que máis repartos tendes?**

Na época das festas nese lugar en concreto e no verán.

**-Cantos empregados tes?**

Dous.

**-A empresa pídeche información sobre os teus empregados?**

Si.

**-A que fonte de financiación recurriches ao principio para comprar os camións?**

Ao banco.

**-Cando unha persoa se xubila e deixa unha ruta cómo se decide quen colle esa ruta vacía?**

O que antes a pide e no que máis confianza teñan danlla.

**-Cómo cambiou o sector co uso das novas tecnoloxías?**

Agora, en vez de darnos os albaráns en papel dannolo por unha aplicación do móvil e en esa aplicación é donde teñen que firmar os clientes.

**-Para ti ser autónomo ten máis vantaxes ou inconvenientes?**

Inconvientes porque non tes dereito a vacacións, que tes que contratar ti a alguén para que ocupe o teu posto, as embarazadas teñen pouco tempo de baixa despois de dar a luz, etc.

**-Volverías a exercer este traballo se empezaras de novo?**

Se empezara de novo estudaría porque este é un traballo moi duro.

**-Que consello lle darías a unha persoa que comece en este traballo?**

Que se está a tempo que estudie porque é un traballo que desgasta moito física e mentalmente.